

ACORDO DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, PARA O APOIO Á HUMANIZACIÓN DA ASISTENCIA SANITARIA, PROMOVEDO O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA PARA A ATENCIÓN A PERSOAS CON ENFERMIDADES AVANZADAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Cruz Vermella Española, formalizaron o 07/11/2025 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura ata o 7 de novembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto prorrogar por un período de dous (2) anos o convenio subscrito entre as partes o 7 de novembro de 2023, que manterá a súa vixencia ata o 7 de novembro de 2027, dentro dos límites previstos no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e manténdose inalteradas o resto das súas estipulacións.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

Con data 7 de novembro de 2023, ambas partes asinaron o convenio ao que se refire o presente acordo de prórroga, que ten por obxecto completar a resposta ás necesidades e demandas de atención emocional, social e espiritual das persoas enfermas e os seus familiares, así como de atención ao dó e de apoio aos equipos que atenden a persoas con enfermidades avanzadas, con prognóstico de vida limitado ou con necesidade de atención paliativa, mediante a creación e implementación dun modelo de atención psicosocial e espiritual no ámbito da Atención Primaria (AP) e de Hospitalización a Domicilio (HADO).

Sen prexuízo de que, dando continuidade ao impulso da humanización sanitaria puidera nalgún momento considerarse de interese para ambas partes a posibilidade de ampliar a intervención noutros ámbitos sanitarios.

A cláusula sétima do instrumento asinado prevé que as partes de mutuo acordo poderán acordar a súa prórroga, por un período doutros dous anos adicionais.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Ramón Parada Jorgal

